

João de Gaia

Rubrica

Meus amigos, pois me Deus foi mostrar
a mia senhor, que quero mui gram bem,
trobei eu sempre polo seu amor
e meu trobar nunca me valeu rem
contra ela; mais vedes que farei:
pois me nom val trobar por mia senhor,
oimais quer'eu já leixar o trobar.

E buscar outra razom, se poder,
por que possa esta dona servir;
e veerei se me sequer fará
algun bem [já], per que possa partir
mui grandes coitas do meu coração;
e sei que assi me conselhará
o meu amigo que me gram bem quer.

Ca doutra guisa nom poss'haver [i]
conselho já, per esta razom tal:
ca eu, amigos, da morte pret'estou,
se mi a esto Nostro Senhor nom val;
pero da mort'hei sabor, a la fé,
ca, se morrer, diram que me matou
a melhor dona que eu nunca vi.